

**Título:** O FANZINE E A RUPTURA DO MONOPOLIO DA MENSAXE. USO DOS FANZINES COMO MEDIOS INFORMATIVOS E DE EXPRESIÓN EN GALICIA. 1990-2005

**Nombre:** FERNÁNDEZ MARIÑO, RAMÓN

**Universidad:** Universidad de Santiago de Compostela

**Departamento:** Ciencia política y de la administración

**Fecha de lectura:** 04/02/2016

**Programa de doctorado:** Procesos Políticos Contemporáneos

**Dirección:**

> **Codirector:** Luis Álvarez Pousa

> **Codirector:** Xosé Luís Barreiro Rivas

**Tribunal:**

> **presidente:** José Manuel Rivera Otero

> **secretario:** M. LUISA OTERO LOPEZ

> **vocal:** NIEVES SANIGER MARTINEZ

> **vocal:** ANTONIO SALVADOR SANJUAN PEREZ

> **vocal:** ALBERTO PENA RODRÍGUEZ

**Descriptor:**

> OPINION PUBLICA

**El fichero de tesis** ya ha sido incorporado al sistema

> 205671\_815070.pdf

**Localización:** BIBLIOTECA XERAL USC

**Resumen:** O traballo para tese doutoral que se presenta é unha investigación sobre as publicacións amateurs ou non-profesionais e sen ánimo de lucro denominadas fanzines ou zines. Esta investigación, a primeira que abre camiño sobre os fanzines concretamente en Galicia, está orientada á procura da intencionalidade de ruptura do monopolio informativo por parte dos grandes medios impresos en Galicia, máis concretamente na época que vai de 1990 a 2005, é dicir, os anos de goberno de Manuel Fraga Iribarne.

Os obxectivos son dous. Por unha banda, consolidar unha definición en firme do que é un fanzine. Para iso recorreuse ao traballo de campo mediante entrevistas a colectivos e persoas individuais, que aportaron canda súa definición. Todos e todas, colectivos e individuos estiveron dalgunha maneira implicados e implicadas na elaboración de fanzines durante ese tempo.

O segundo obxectivo sería responder á pregunta: foron os fanzines capaces de romper o monopolio informativo

en Galicia durante os anos de goberno de Manuel Fraga Iribarne? A pregunta nace do libro *La ciudad y las masas*, de Manuel Castells (Madrid, Alianza, 1986), quen di que os movementos sociais buscan romper o monopolio informativo mediante costumes locais. O fanzine é entendido aquí como un elemento rupturista e por tanto, un medio de comunicación local, entendido como puntual dentro dun lugar moi concreto.

Para facer chegar a estes obxectivos fíxose unha investigación teórica sobre o fanzine e o que supuxo durante os últimos oitenta anos, así como a súa evolución desde os anos 70 do século XX, logo da crise económica de 1973. Desde ese ano ata día de hoxe, os movementos máis implicados con fanzines foron o punk, o hardcore, antimilitaristas e/ou pacifistas, así como outros movementos non menos importantes como o feminista.

Para a investigación sobre os fanzines galegos, fíxose unha escolla daqueles que se entenderon máis representativos como publicacións máis politizadas. É dicir, cunha carga máis paradigmática do que serían movementos contrarios aos valores que se trataban de imprimir á sociedade galega entre 1990-2005. Así, os oito fanzines analizados teñen en común seren representativos das ideas que circulaban en Galicia naqueles anos

e que se materializaron non só no papel, senón en okupacións, colectivos sociais fóra das institucións representativas oficiais e contrarios a políticas locais, autonómicas e estatais que vían contrarias aos seus valores.